

MÁIS...



El laberinto mágico


Xogo de mesa



El árbol

de Hannah Alice
Ideaka-Edelvives

Libro informativo



Galegas nas Artes

de Isabel Blanco
Belagua Ediciones


Libro informativo PDI: Mulleres na historia



Xa me tardan estes magos

de Mamá Cabra
Sonárbore/Galaxia

Libro-CD



Elemental

de Disney- Pixar

DVD

INFANTIL



Un, dous, tres Nadal é

de Nadia Budde
Kalandraka


Divertidos versos encadeados e cheos de ritmo que nos presentan personaxes e elementos típicos do Nadal en diferentes culturas.



Iago e o corpo humano

de Liesbet Slegers
Tambre-Edelvives

O noso corpo acompáñanos toda a vida. Velaí que sexa moi importante coñecerlo e aprender a coidar del. Iago amósanolo dos pés á cabeza! Un libro que convida aos máis cativos e cativas a descubrir o seu corpo e as súas emocións.



Hermanos

de Ariel Andrés Almada
Cuento de Luz

Os irmáns e irmás xogan xuntos, peléxanse, ríen e choran. Pero, por riba de todo, mantense unidos por un lazo invisible que os acompaña no camiño da vida. Esta tenra historia fainos vivir o día a día das irmás e os irmáns, os seus sonhos, os seus problemas e os seus reencontros.



Ofelia ¡A comer!

de Stephan Lomp
Bang

Ofelia é unha nena que vive en tempos prehistóricos. Como os antepasados, o seu pai é un gran cazador e non entende porque a súa filla non quere comer carne. Pero ela non pensa comer máis animais, dado que os considera os seus amigos. Tras enfadarse, cada un sae por separado en busca de alimentos que poidan pracer ao outro. Mais a súa falta de experiencias poñeránlles en perigo.

RECOMENDACIÓNS LECTORAS

Nadal 2023



UN LIBRO É
UN
AGASALLO
QUE PODES
ABRIR
UNHA E
OUTRA VEZ


Garrison Keillor



1º CICLO

La Tribu Chatarra

de Fermín Solís
Beascoa



A Tribu Chatarra pon a traballar o seu inxenio para construír un vehículo que lles permita saír do mundo de chatarra e lixo no que viven e descubrir ese lugar, arrodeado de verde, do que oíron falar... Mais o Señor Amo Supremo non llo poñerá doado. Amizade, traballo en equipo e reciclaxe danse cita neste Cómic, escrito en maiúsculas, con pouco texto e moita acción.

Contos que caben nunha man

de Carlos López
Oqueleo-Santillana



Estes contos son tan pequenos que caben nunha man, unha man que di coa man adeus ao aburrimiento e ola ao humor, que te leva da man a un mundo de sorpresas, unha man que cos cotenos chama á túa porta e che entrega este libro que terás na túa man.

Vaia cabuxiño!


de El Hematocrítico
Xerais



O Lobo Feroz é un cidadán respectable e responsable que coida do seu sobriño e rexenta unha xastraría. Iso é agora, antes o Lobo non era así. Non era feliz. Só era feroz. Os habitantes do bosque temían porque comía todo canto se lle puxese diante. Ata que un día un cabuxiño enfrontouse a el co seu enxeño.

El encargo más difícil de los Reyes Magos

de Begoña Oro
Edelvives



Este ano, os Reis Magos están moi ledos, xa teñen todo listo para unha exitosa noite de Reis. Pero, aparece no buzón real unha carta de última hora. Os tres Reis empregarán todo o seu enxeño para descifrar o enigma da carta. Pero cada un chega a unha solución distinta. Cal dos tres terá razón? Un texto divertido e vibrante que mostra que tamén os Reis de Oriente pasan moitos nervios na súa noite máis especial.

2º CICLO

El niño que soñaba con ser héroe

de Sylvain Trudel
Edelvives



Luis, cando sexa maior, quere ser héroe como o Justiciero Volador. Por iso, pediu un traxe especial, unha capa vermella e botas con turborreactores.

Este Nadal, a súa mestra propuxo facer cestas para os máis pobres. Alguen moi especial axudará a Luis a cumprir os seus desexos.

Lotta

de Astrid Lindgren
Kalandraka



As divertidas aventuras dunha nena feliz, atrevida e segura de si mesma que argalla as ideas máis tolas para resolver os máis diversos problemas.

El príncipe y la modista

de Jen Wang
Sapristi



O príncipe está a buscar noiva. Realmente a buscan os seus pais, porque a el o que lle gusta é saír con bonitos vestidos de moza. Así será como coñecerá a unha modista, á que lle encargará o seu vestiario.

Unha novela gráfica sobre a amizade, pero principalmente sobre a identidade.

A casa abandonada

de Úrsula Heinze
Xerais



Olalla é unha estudante de final de 2º ciclo de primaria. O feito de suspender un exame a obriga a cumprir a "penitencia" de atravesar o soto da casa abandonada. O descubrimento dun óso humano, e o achado dunha tumba e dunha bolsa de coiro con sete aneis de ouro fará que ela e as súas amizades se metan nunha verdadeira aventura.

3º CICLO

Las sisters


de Christophe Cazenove
Hachette Heroes



Novela gráfica protagonizada por dúas irmás, unha adolescente e a outra unha nena todavía, que viven en mundos distintos: a maior fala de mozos coas súas amigas, quere que a deixen en paz... e a pequena so quere saber en cada momento que fai a súa irmá. E así están todo o día, como o gato e o rato!

A fotografía 51

de María Canosa
Baía Edicións



A Fotografía 51 presenta, a modo de imaxes fixas na retina ou nunha cámara fotográfica, a vida, dilemas e reflexións en primeira persoa de Rosalind Franklin, o seu traballo e a ocultación machista padecida, quen malia ser a que logrou a famosa fotografía 51 da estrutura do ADN, non foi recoñecida co Nobel, que si recibiron dous homes cos que colaborara nas investigacións.

A botella de lentellas

de Leticia Barbadillo
Xerais



Manuel é un neno que pasa moito tempo só na casa, xa que o pai traballa moito e á súa avoa, enferma, tiveron que levala a unha residencia. O martes de Entroido, bota en falta as orellas que lle preparaba a avoa e decide facelas el. Como quere seguir a receita exacta da avoa, emprega a súa botella chea de lentellas para estiralas, que acaba escachando e estrando de legumes o chan. Antes de deixarlle comer as orellas, a avoa sempre lle contaba as historias que esas orellas escoitaran. Agora que ela non está, será Manuel o encargado de imaxinar os relatos coas lentellas de protagonistas.

La increíble historia de... El chico del millón

de David Wallians
MONTENA



Joe é o neno de doce anos máis rico do mundo. Ten tanto diñeiro que mercou todo o que se pode desexar: un coche de Fórmula 1, cincocentos pares de deportivas (sen esaxerar), un can robot importado de Xapón, un acuario con dous crocodilos e un tiburón e un parque de atraccións privado para o xardín. Pero o que de verdade precisa non pode mercarse con cartos. Que será?